

CONVOCATORIA DE AXUDAS

PROGRAMA LEADER 2007-2013

ÍNDICE

- 1.- Prazo de presentación das solicitudes de axuda.
- 2.- Lugar e forma de presentación de axuda.
- 3.- Beneficiarios/as.
- 4.- Proxectos subvencionables e réxime de axudas.
- 5.- Cadro financeiro.
- 6.- Requisitos dos/as beneficiarios/as.
- 7.- Baremo de proxectos.

1.- Presentación de solicitudes.

A convocatoria de axudas do programa Leader Galicia 2007-2013 para o GDR Costa Noroeste farase para todo o período de actividade, tendo en conta que a data de admisión de solicitudes comeza o 25 de febreiro de 2010 e remata o 1 de setembro de 2013.

2.- Lugar e forma de presentación.

Os promotores ou promotoras deberán presentar, por rexistro de entrada, nas oficinas de atención ó público do GDR Costa Noroeste a documentación que se relaciona:

→ Solicitud de axuda por triplicado exemplar, segundo o modelo normalizado que está a dispor dos interesados nas oficinas do GDR.

→ Documentación (orixinal ou copia compulsada):

.- Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). Se fose o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.

.- Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á Axencia Estatal de Administración Tributaria cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

.- Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.

.- Documentación acreditativa do rexistro de PEME (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.

.- No caso de que o proxecto supoña a creación o mantemento de emprego debe achegarse Informe da Vida Laboral da empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, referido ó ano inmediatamente anterior ó da presentación da solicitude así como os recibos de pagamento dos autónomos da empresa.

.- Declaración doutras axudas concedidas, solicitadas ou que se pretenden solicitar a entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas de minimis segundo o modelo.

.- Resumo do proxecto en documento normalizado (modelo). Se se estima convinte, poderá achegarse unha memoria descriptiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai a tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.

.- Orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie, segundo documento normalizado.

.- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € no suposto de obra civil ou os 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas

realizárase de acordo cos criterios de eficacia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando recaia na proposta económica máis ventaxosa.

As entidades locais de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán documentar a elección da oferta máis ventaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

.- Para proxectos productivos, plan de empresa, coa justificación da súa viabilidade económica e financeira para un período mínimo de 5 anos, e para proxectos non productivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados (modelo).

.- De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e no recuperable.

.- No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.

.- Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria da que sexa titular o promotor e na que desexa que se lle abone a axuda.

.- Calquera outra documentación ou información que o interesado ou o GDR Costa Noroeste consideren de importancia para a análise do proxecto.

Os modelos normalizados necesarios para a presentación da documentación requerida están a dispor dos interesados e interesadas nas oficinas do GDR Costa Noroeste, e na páxina web: www.costanoroeste.org :

Oficina Ferrol:

Enderezo: A Malata, s/n, Edificio de Usos Múltiples
15404 Ferrol (A Coruña)

Teléfono/Fax: 981 33 33 98 / 981 37 30 62

Correo Electrónico: info@costanoroeste.org

Oficina Ortigueira:

Enderezo: Paseo Eusebio Dávila, 12 Bajo
15330 Ortigueira (A Coruña)

Teléfono/Fax: 981 42 22 07/ 981 42 22 07

Correo Electrónico: info@costanoroeste.org

3.- Beneficiarios/as.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas, calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación do GDR Costa Noroeste, tales coma:

- Persoas físicas.
- Persoas xurídicas de carácter privado:
 - o Sociedade Laboral
 - o Sociedade Mercantil
 - o Sociedade Civil
 - o Sociedades Agrarias de Transformación
 - o Cooperativas
 - o Asociacións
 - o Fundacións
 - o Outros/as
- Entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.

- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Non se precisa ser socio/a do GDR para obter financiamento do programa Leader.

Territorio elixible do Leader 2007-2013 para o GDR Costa Noroeste.

O ámbito territorial cuberto polo Programa Leader 2007-2013 para o GDR Costa Noroeste correspóndese co ocupado polos concellos de: Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira e Valdoviño.

Quedan excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas zonas de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010. Así, a poboación do GDR, excluindo as entidades singulares de poboación, quedaría como indica na seguinte táboa:

TERRITORIO ELEXIBLE DO GDR (DATOS ANO 2007)		
Concello	Poboación no Programa	Entidades singulares excluídas
Ares	1.891	Ares
Cariño	4.680	
Cedeira	7.482	
Cerdido	1.439	
Fene	14.222	
Ferrol	7.968	Ferrol
Mañón	1.693	
Mugardos	3.013	Mugardos
Narón	27.834	A Solaina/Gándara de Arriba
Neda	5.649	
Ortigueira	7.406	
Valdoviño	6.978	
TOTAL	90.255	

4. Proxectos subvencionables e Réxime de axudas

As actuacións elixibles serán as que se correspondan coas seguintes medidas:

Medida 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal.

- ***Investimentos no sector agrario.*** Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, nos seguintes supostos:
 - o Que impliquen a introducción de novas ***técnicas de produción*** a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior.
 - o Os que teñan como obxectivo a ***recuperación de variedades tradicionais***.
 - o Os relacionados co apoio a ***novas producións***.
 - o Os que afecten a ***producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles***.
 - o Os que estean dirixidos a ***mellorar a eficiencia enerxética das explotacións***.
 - o Os vinculados coa ***aplicacións das TIC's nas explotacións***.
- ***Aumento do valor económico dos montes.*** Proxectos que impliquen a ***posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, fomento da diversificación forestal e valorización da produción de cogomelos***.
- ***Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.*** Proxectos de ***transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais e proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais***.
- ***Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal***

Medida 4.1.2. Mellora medioambiental e do contorno rural.

- Investimentos non productivos en explotacións agrarias.
- Investimentos non productivos en espazos forestais
- Investimentos non productivos para a adecuación, recuperación e posta en valor de patrimonio natural no contorno rural.

Medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

- ***Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias***, tales como: Transformación e venda de produtos agroalimentarios locais. Elaboración e venda de produtos artesanais. Agroturismo. Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais, asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio. Prestación de servizos á poboación e Outras actividades complementarias da agraria.
- ***Creación, ampliación e modernización de PEMEs, en sectores da economía diferentes ó da produción agraria primaria.***
- ***Fomento de actividades turísticas*** (proxectos productivos e non productivos). Infraestructuras a pequena escala, tales como centros de información turística, Rutas de sendeirismo e outras infraestructuras turísticas, Desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural.
- ***Servizos básicos para a economía de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural*** (proxectos productivos e non productivos).
- ***Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural*** (proxectos productivos e non productivos). Elaboración de plans de protección e xestión das zonas Natura 2000 e demais zonas de

alto valor natural, Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, incluíndo proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastorís en MVMC, Desenvolvemento de paraxes de alto valor natural.

- ***Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da Estratexia.***

O programa Leader 2007-2013 réxese polo réxime de axudas publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, na “Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader de Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección”. DOG nº 115, luns 16 de xuño de 2008, e pola súa modificación publicada no DOG Nº 15 do xoves, 22 de xaneiro de 2009.

O réxime de axudas está disponible para a súa consulta nas oficinas do Grupo Costa Noroeste.

5.- Cadro financeiro.

O orzamento público para a aplicación do Programa Leader 2007-2013 no ámbito territorial do GDR Costa Noroeste é o importe da subvención asignada no acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 23 de decembro de 2008 para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR Costa Noroeste.

O orzamento (Anexo I: Cadro financeiro), constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR Costa Noroeste seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do Programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e de promoción do territorio.

Existe un orzamento máximo por tipoloxía de proxecto, dependendo de se o proxecto é productivo ou non productivo.

Terán consideración de non productivos aqueles que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituindo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia do territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

Terán a consideración de proxectos productivos os demais.

O importe total do devandito orzamento poderá variar como consecuencia da asignación da reserva de eficacia, segundo o previsto no epígrafe VII das bases reguladoras de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, das modificacións do PDR, de reprogramacións do programa do GDR, da redistribución de fondos entre programas dos GDR, do incumprimento da regra n+2 ou doutros supostos similares.

Anexo I: Cadro Financeiro
Programa Leader Galicia 2007-2013
Plan Financeiro do GDR Costa Noroeste

MEDIDA	TIPO	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
	PROXECTOS	2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
4.1.1 Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	54.388,38	106.240,59	106.985,36	111.614,31	110.893,11	109.871,61	599.993,36
4.1.2 Mellora medioambiental e do contorno rural	Non Productivos	10.877,68	21.248,12	21.397,07	22.322,86	22.178,62	21.974,32	119.998,67
4.1.3 Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	149.568,05	292.161,63	294.209,73	306.939,35	304.956,06	302.146,93	1.649.981,75
	Non Productivos	57.107,80	111.552,62	112.334,63	117.195,02	116.437,77	115.365,19	629.993,03
	TOTAL	206.675,85	403.714,25	406.544,36	424.134,37	421.393,83	417.512,12	2.279.974,78
TOTAL ESTRATEXIA	Productivos	203.956,44	398.402,23	401.195,09	418.553,66	415.849,17	412.018,54	2.249.975,13
	Non Productivos	67.985,48	132.800,74	133.731,70	139.517,89	138.616,39	137.339,51	749.991,71
	TOTAL	271.941,92	531.202,97	534.926,79	558.071,55	554.465,56	549.358,05	2.999.966,84
4.3.1 Gastos de funcionamento, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamiento	43.510,71	84.992,47	85.588,29	89.291,45	88.714,49	87.897,29	479.994,70
	Promoción	10.877,68	21.248,12	21.397,07	22.322,86	22.178,62	21.974,32	119.998,67
	TOTAL	54.388,39	106.240,59	106.985,36	111.614,31	110.893,11	109.871,61	599.993,37
TOTAL PROGRAMA		326.330,3	637.443,56	641.912,15	669.685,86	665.358,67	659.229,66	3.599.960,21
							FEADER	2.072.137,10
							AXE	771.077,36
							XUNTA	756.745,75

6. Requisitos de subvencionabilidade.

6.1. Requisitos obligatorios de carácter xeral de subvencionabilidade dos proxectos:

→Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación do programa de desenvolvemento rural.

→Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva.

→Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

→Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos.

→Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.

→Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado.

6.2. Requisitos dos beneficiarios/as.

6.2.1 Xerais.

Os beneficiarios ou beneficiarias dos proxectos elixibles deberán de cumprir os seguintes requisitos xerais:

a) Estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado, coa Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento débeda por ningún concepto coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.

b) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía dos proxectos, se especifican para cada medida.

En ningún caso se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición establecida para éstas no artigo 1, apartado 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías).

No marco das medidas amparadas no Regulamento Xeral de exención por categorías, non se concederán axudas a favor de empresas que están suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo duna decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

6.2.2 Adicionais.

Os beneficiarios ou beneficiarias que presenten proxectos elixibles enmarcados nas medidas 4.1.1 e 4.1.3 terán os seguintes requirimentos adicionais:

Medida 4.1.1: Dinamización do sector agrario e forestal.

- Cumprir o requisito de PEME, nos termos regulado no anexo I do Regulamento nº 800/2008 (CE), do 8 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado:
 - Empregar a menos de 250 persoas
 - Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
 - Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais, e para os promotores de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.

- o No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando a transformación e comercialización dea lugar a un produto incluído no anexo I do Tratado, poderán ser beneficiarias as empresas intermedias. Teñen a consideración de empresas intermedias as que empreñan a menos de 750 persoas e teñen un volumen de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.
- o No sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas. De acordo co anexo I do Regulamento Xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas que ocupan a menos de 10 empregados e cun volumen de negocios anual ou un balance xeral anual que non supera ós 2 millóns de euros.

Medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

- o Cumprir o requisito de PEME nos termos regulados no Regulamento xeral de exención por categorías:
 - Empregar a menos de 250 persoas.
 - Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
 - Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptuase para as entidades públicas locais e para os beneficiarios das axudas a proxectos non productivos.

No caso de proxectos de diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias, os beneficiarios serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, con excepción dos traballadores agrarios. Nos casos nos que un membro da unidade familiar da explotación sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas xurídicas, ese membro debe exercer unha actividade agrícola na explotación no momento que se presente a solicitude de axuda.

O GDR Costa Noroeste reservarase o dereito de solicitar a documentación que considere oportuna, a aqueles promotores que teñan a obriga de cumprir o disposto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social de Discapacitados e nas súas modificacións posteriores.

7. Baremo de proxectos.

A) PROXECTOS PRODUCTIVOS

A.1.- Criterios de Valoración.

1.- Situación xeográfica (40 puntos)

1.1 Características económicas do concello en que se localiza o proxecto. (10 puntos)

No caso de proxectos que polas súas características estean localizados en varios concellos, terase en conta, a media de puntuación dos concellos polo que discurra o proxecto.

En función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no GDR “Costa Noroeste”, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO POR TRAMOS	PTOS
(≥ 80)-(≤ 85)	10
(>85)-(≤ 90)	8
(>90)-(≤ 95)	6
(>95)-(≤ 100)	4
(>100)	0

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES	
CONCELLOS	2002
ARES	95
CARIÑO	88
CEDEIRA	90
CERDIDO	80
FENE	107
FERROL	107
MAÑÓN	85
MUGARDOS	96
NARÓN	110
NEDA	97
ORTIGUEIRA	92
VALDOVIÑO	94

Fonte: IGE (2002)

1.2 Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. (10 puntos)

1.2.1 Envellecemento da poboación. (5 PUNTOS)

Tómase como referencia o índice de envellecemento IGE do ano 2006.

CRITERIO POR TRAMOS	PTOS
(≥ 300)-(<450)	5
(≥ 200)-(<300)	4
(≥ 150)-(<200)	3
(≥ 100)-(<150)	2

INDICE DE ENVELLECIMIENTO	
IGE	
CONCELLOS	2006
ARES	141,6
CARIÑO	200,6
CEDEIRA	180,7
CERDIDO	320
FENE	156,3
FERROL	148
MAÑÓN	435,1
MUGARDOS	192,5
NARÓN	112,8
NEDA	207,4
ORTIGUEIRA	332
VALDOVIÑO	222
MEDIA DO GDR	220,75
GALICIA	133,5
A CORUÑA	128,1

1.2.2 Variación relativa da poboación 2002-2007 (5 PUNTOS)

En función de variación da poboación entre os anos 2002-2007 do GDR “Costa Noroeste”, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO POR TRAMOS	PTOS
(>-10 %)	5
(>-5 %)-(<= -10 %)	4
(>-3%)-(<=-5 %)	3
(=0 %)-(<= -3 %)	2
CONCELLOS QUE INCREMENTEN POBOACIÓN	0

CONCELLO	2002	2007	VARIACIÓN	VARIACIÓN(%)	PUNTOS
ARES	4.976	5.598	622	12,50	0
CARIÑO	4.861	4.680	-181	-3,72	3
CEDEIRA	7.572	7.482	-90	-1,19	2
CERDIDO	1.619	1.439	-180	-11,12	5
FENE	14.638	14.222	-416	-2,84	2
FERROL	79.520	75.181	-4.339	-5,46	3
MAÑÓN	1.898	1.693	-205	-10,80	5
MUGARDOS	5.859	5.636	-223	-3,81	3
NARÓN	29.263	36.245	6.982	23,86	0
NEDA	6.074	5.649	-425	-7,00	4
ORTIGUEIRA	8.299	7.406	-893	-10,76	5
VALDOVIÑO	6.837	6.978	141	2,06	0

Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes.

1.3 Núcelo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. (12 PUNTOS)

En función dos datos recollidos no Nomenclátor de Galicia 2007 e identificando a entidade de poboación tomada como referencia con **parroquia**, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PTOS
<100 HAB.	12
(>=100) __ (<500) HAB.	10
(>=500) __ (<1000) HAB.	8
(>=1000) __ (<2500) HAB.	6
>=2500 HAB.	0

1.4 Outros criterios xeográficos (8 PUNTOS)

Proxectos ubicados en Concellos con taxa de desemprego superior á media de Galicia (8 puntos)

CONCELLO	TAXA DESEMPREGO 2001
ARES	33,90
CARIÑO	14,90
CEDEIRA	11,60
CERDIDO	8,40
FENE	16,40
FERROL	17,60
MAÑÓN	6,90
MUGARDOS	18,70
NARÓN	14,90
NEDA	15,20
ORTIGUEIRA	12,00
VALDOVIÑO	14,60
GDR	16,00
A CORUÑA	12,50
GALICIA	12,50

Fonte: Censo 1991 e IGE 2001

2. Características do promotor/a (10 PUNTOS)

A.- Persoas físicas: (6 PUNTOS)

A.1. Proxectos promovidos por persoas físicas. (6 PUNTOS)

CRITERIO	PTOS
Proxectos promovidos por mozos/as (16-35 anos) ou persoas maiores (45-65 anos)	2
Proxectos promovidos por mulleres (acumulable ó anterior)	2
Proxectos promovidos por persoas con discapacidade (acumulable ós anteriores)	2

B.-Persoas xurídicas: (6 PUNTOS)

B.1. Proxectos promovidos por entidades relacionadas co sector agrícola e forestal. (6 PUNTOS)

CRITERIO	PTOS
Proxectos promovidos por Cooperativas, Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) e Comunidades de Montes Veciñais en Man Común	6

B.2. Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que o 50 % (ou máis) da participación social corresponda cos seguintes criterios. (6 PUNTOS)

CRITERIO	PTOS
Mozos/as (entre 16-35 anos) e persoas maiores (entre 45-65 anos)	2
Mulleres (acumulable ó anterior)	2
Persoas con discapacidade (acumulable ós dous anteriores)	2

Quedarán excluídas de puntuar neste apartado as entidades que o fan no B.1.

C. Emprego da lingua galega. (4 PUNTOS)

CRITERIO	PTOS
Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20,2º1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia	4

3. Incidencia no emprego. (25 PUNTOS)

3.1. Creación de emprego (17 PUNTOS)

Este criterio valorarase con base ó número de empregos directos creados para cada proxecto ou actuación.

CRITERIO	PTOS
>5	17
>4 ___ <=5	14
>3 ___ <=4	13
>1 ___ <=3	12
(>=0,25) - <=1	11

Para o cálculo de empregos terase en conta os efectivos correspondentes ao número de persoas que traballarán na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

Contratación de colectivos desfavorecidos (8 PUNTOS)

Por cada posto e acumulativos.

CRITERIO	PTOS
Mulleres	2
Mozos/as menores de 30 anos	2
Maiores de 45 anos	2
Discapacitados/as	2
Colectivos en risco de exclusión social	2

Entendendo os Colectivos en risco de exclusión social segundo o Real Decreto Lei 5/2006, Disposición adicional Segunda: Exclusión Social e Fomento do Emprego.

4.- Impacto sobre o territorio. (25 PUNTOS)

4.1. Capacidade de arrastre do proxecto. (12 PUNTOS)

Este criterio valorará o efecto multiplicador do proxecto, a súa capacidade motora para a economía da zona, concretada nos seguintes aspectos:

4.1.1. Utilización de produtos da zona. (5 PUNTOS).

CRITERIO	PTOS
Emprego de insumos-proveedores do territorio para realizala inversión do proxecto por riba do 25 % dos totais requeridos polo mesmo e sempre que se xustificuen axeitadamente (facturas)	5

Enténdese por insumos: materias primas, produtos e servizos.

O promotor presentará compromiso de emprego de insumos-proveedores (mediante facturas).

4.1.2. Proxectos con capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona rural ou afianzar empresas e actividades existentes. (7 PUNTOS)

a.- En función do nivel de investimento. (3 PUNTOS)

CRITERIO	PTOS
Proxectos cuio investimento sexa $\geq 10.000 \text{ €}$ $_ 60.000 \text{ €}$	1
Proxectos cuio investimento sexa $\geq 60.000 \text{ €}$ $_ < 120.000 \text{ €}$	1,5
Proxectos cuio investimento sexa $\Rightarrow 120.000 _ < 250.00 \text{ €}$	2
Proxectos cuio investimento sexa $\geq 250.000 \text{ €}$	3

b.- Proxectos que axuden a desenvolver os sectores: agrario, forestal e turístico. (4 PUNTOS). Acumulables apartado a)

CRITERIO	PTOS
Proxectos que axuden a desenvolver os sectores agrario, forestal e turístico mediante novos produtos ou servizos no concello no que se realiza	3
Proxectos de produción ou transformación de produtos agrícolas, gandeiros e forestais que integren plans de comercialización ou inclúan o desenvolvemento dunha acción piloto de comercialización dos mesmos	1
Proxectos de desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural	1

4.2. Incidencia ambiental. (10 PUNTOS)

Valorarase aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona.

CRITERIO	PTOS
Proxectos que inclúan sistemas/planes de xestión ou valorización de residuos xerados polo promotor ou no territorio	4
Proxectos nos que se priorice o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas Eficientes de baixo consumo enerxético(acumulable ó anterior)	4
Proxectos nos que se priorice o emprego de técnicas de Baixo consumo hídrico (acumulable ós anteriores)	2

4.3. Criterios propios do GDR. (3 PUNTOS)

Valorarase positivamente e coa puntuación máxima deste apartado aqueles proxectos que atendan ós seguintes criterios.

CRITERIO	PTOS
Proxectos de prestación de servizos á poboación rural que contribúan á mellora de colectivos como persoas maiores, discapactadaos ou outros en risco de exclusión	3
Proxectos que conleven a aplicación das TIC's para o seu desenvolvemento	3

A.2.- Puntuacións e porcentaxes de axuda

Asignación das porcentaxes de axuda pública para proxectos productivos.

Os criterios poden obter un valor nulo (cero) cando non se vexan reflectidas as circunstancias do proxecto nos argumentos para da-la puntuación.

A puntuación mínima que deberá acadar un proxecto productivo para ser subvencionado será de **30 puntos**. A porcentaxe de axuda para proxectos productivos con puntuación mínima será dun **20 %**. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de **80 puntos**. Esta porcentaxe será do 45 % con carácter xeral.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (30 e 80 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

B) PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

B.1. Criterios de Valoración

1.- Situación xeográfica (40 puntos)

1.1 Características económicas do concello en que se localiza o proxecto. (10 puntos)

No caso de proxectos que polas súas características estean localizados en varios concellos, terase en conta, a media de puntuación dos concellos polo que discurra o proxecto.

En función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no GDR “Costa Noroeste”, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PTOS
(≥ 80)-(≤ 85)	10
(>85)-(≤ 90)	8
(>90)-(≤ 95)	6
(>95)-(≤ 100)	4
(>100)	0

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES	
CONCELLOS	2002
ARES	95
CARIÑO	88
CEDEIRA	90
CERDIDO	80
FENE	107
FERROL	107
MAÑÓN	85
MUGARDOS	96
NARÓN	110
NEDA	97
ORTIGUEIRA	92
VALDOVIÑO	94

Fonte: IGE (2002)

1.2 Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. (10 puntos)

1.2.1. Envellecemento da poboación. (5 PUNTOS)

Tómase como referencia o índice de envellecemento IGE do ano 2006.

CRITERIO	PTOS
(≥ 300)-(<450)	5
(≥ 200)-(<300)	4
(≥ 150)-(<200)	3
(≥ 100)-(<150)	2

INDICE DE ENVELLECIMIENTO	
IGE	
CONCELLOS	2006
ARES	141,6
CARIÑO	200,6
CEDEIRA	180,7
CERDIDO	320
FENE	156,3
FERROL	148
MAÑÓN	435,1
MUGARDOS	192,5
NARÓN	112,8
NEDA	207,4
ORTIGUEIRA	332
VALDOVIÑO	222
MEDIA DO GDR	220,75
GALICIA	133,5
A CORUÑA	128,1

1.2.2 Variación relativa da poboación 2002-2007 (5 PUNTOS)

En función de variación da poboación entre os anos 2002-2007 do GDR “Costa Noroeste”, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PTOS
(>-10 %)	5
(>-5 %)-(<= -10 %)	4
(>-3%)-(<=-5 %)	3
(=0 %)-(<= -3 %)	2
CONCELLOS QUE INCREMENTEN POBOACIÓN	0

CONCELLO	2002	2007	VARIACIÓN	VARIACIÓN(%)	PUNTOS
ARES	4.976	5.598	622	12,50	0
CARIÑO	4.861	4.680	-181	-3,72	3
CEDEIRA	7.572	7.482	-90	-1,19	2
CERDIDO	1.619	1.439	-180	-11,12	5
FENE	14.638	14.222	-416	-2,84	2
FERROL	79.520	75.181	-4.339	-5,46	3
MAÑÓN	1.898	1.693	-205	-10,80	5
MUGARDOS	5.859	5.636	-223	-3,81	3
NARÓN	29.263	36.245	6.982	23,86	0
NEDA	6.074	5.649	-425	-7,00	4
ORTIGUEIRA	8.299	7.406	-893	-10,76	5
VALDOVIÑO	6.837	6.978	141	2,06	0

Fonte: IGE. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes.

1.3 Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. (12 PUNTOS)

En función dos datos recollidos no Nomenclátor de Galicia 2007 e identificando a entidade de poboación tomada como referencia con parroquia, establécense os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

CRITERIO	PTOS
<100 HAB.	12
(>=100)___(<500) HAB.	10
(>=500)___(<1000) HAB.	8
(>=1000)___(<2500) HAB.	6
>=2500 HAB.	0

1.4 Outros criterios xeográficos (8 PUNTOS)

Proxectos ubicados en Concellos con taxa de desemprego superior á media de Galicia (8 puntos)

CONCELLO	TAXA DESEMPREGO 2001
ARES	33,90
CARIÑO	14,90
CEDEIRA	11,60
CERDIDO	8,40
FENE	16,40
FERROL	17,60
MAÑÓN	6,90
MUGARDOS	18,70
NARÓN	14,90
NEDA	15,20
ORTIGUEIRA	12,00
VALDOVIÑO	14,60
GDR	16,00
A CORUÑA	12,50
GALICIA	12,50

Fonte: Censo 1991 e IGE 2001

2. Características do promotor ou entidade e ámbito de actuación do proxecto (20 PUNTOS)

2.1 Proxectos de promoción privada (15 PUNTOS)

CRITERIO		PUNTOS
Criterios acumulables entre si	Se o promotor é unha entidade privada onde máis do 50 % dos socios son mulleres	2
	Se o promotor é unha entidade privada onde máis do 50 % de socios son mozos/as (16-35) ou persoas maiores (45-65 anos)	2
	Se o promotor é unha entidade privada onde máis do 50 % dos socios son discapacitados/as	2
	Proxectos participados Por varios promotores	4 Máximo de 12
	Por cada entidade implicada no proxecto (máximo de dúas entidades do mesmo concello)	4
	Por participar entidades de dous ou máis concellos pertencentes ó ámbito territorial do GDR (acumulable ó criterio anterior)	3

Para os proxectos participados por varios promotores solicitarase ás entidades un convenio ou acordo de colaboración.

2.2 Proxectos de promoción pública (15 PUNTOS)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos de ámbito supramunicipal nos que participen dous ou máis concellos do GDR (máx. 15 pts.)	4 Por concello

Para os proxectos participados por varios promotores solicitarase ás entidades un convenio ou acordó de colaboración.

2.3 Emprego da lingua galega (5 PUNTOS)

CRITERIO	PUNTOS
Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvol. do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20,2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia	5

3. Impacto sobre o territorio (40 PUNTOS)

3.1.- Volumen de poboación beneficiada polo proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida (14 PUNTOS)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuia finalidade contemple creación ou mellora de servizos no rural	5
Proxectos orientados a fomentar actividades turísticas no rural (acumulable ó anterior)	4
Proxectos orientados cara o achegamento das TIC's á poboación rural (acumulable ó anterior)	5

Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego na zona (12 PUNTOS)

3.2.- En función do nivel de investimento (4 PUNTOS)

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior ós 6.000 € e inferior a 24.000 €	2
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior ós 24.000 € e inferior a 60.000 €	3
Proxectos cuxo investimento total sexa igual ou superior ós 60.000 €	4

3.3.- Proxectos de creación de emprego (8 PUNTOS)

(Acumulable ó anterior)

CRITERIO	PUNTOS
>1	8
>0-(≤1)	4

Para o cálculo de empregos terase en conta os efectivos correspondentes ao número de persoas que traballarán na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

3.4.- Incidencia na mellora do medioambiente (8 PUNTOS)

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona.

CRITERIO	PUNTOS
Proxectos da mellora ambiental que abranguen actuacións para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural, agrario e forestal no contorno rural	4
Proxectos nos que se priorice o emprego de enerxías renovables ou técnicas eficientes de enerxía consumo enerxético (acumulable ó anterior)	4

3.5.- Incidencia sobre colectivos determinados: mozos/as, persoas maiores, mulleres e persoas con discapacidade (6 PUNTOS)

Proxectos nos que se promova a inclusión social ou laboral de:

Por cada posto e acumulativos.

Para o cálculo de empregos terase en conta os efectivos correspondentes ao número de persoas que traballarán na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

CRITERIO	PUNTOS
Mulleres ou Mozos/as (16-35 anos)	2
Maiores (45-65 anos) ou Desempregados longa duración	2
Persoas con discapacidade ou Colectivos en risco de exclusión social	2

B.2. Puntuacións e porcentaxes de axuda

A puntuación mínima que deberá acadar un proxecto non productivo para ser subvencionado será de **35 puntos**.

Para o cálculo da porcentaxe máxima de subvención dos proxectos non productivos terase en conta a clasificación que proporciona a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que é a que segue:

- Proxectos non productivos de **prioridade alta**: (Intensidade de axuda: máximo 100 % e mínimo 50 %)
 - Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día,...)
 - Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
 - Implantación de TIC`s no medio rural, tales coma telecentros, aulas de informática e plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Proxectos non productivos de **prioridade media**: (Intensidade de axuda: máxima 70 % e mínima 45 %)
 - Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística, etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
 - Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
 - Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.
- Outros proxectos non productivos de **prioridade baixa**: (Intensidade de axuda: máxima 50 % mínima 30 %)

- Infraestructuras de lecer, ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos
- Participación en certamen, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípcas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Para estes efectos terán consideración de non productivos aqueles que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituindo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia do territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

A porcentaxe de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (35 e 75 puntos respectivamente) calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esta porcentaxe a un decimal.

A máxima porcentaxe que se terá en conta para o cálculo desta relación proporcional directa, será a correspondente ó rango de prioridade no que se clasifique o proxecto, é dicir, 100 % se é de prioridade alta, 70 % se é de prioridade media ou 50 % se se trata de prioridade baixa.